



ACTA N.º 3/2014
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 27 DE FEBREIRO DE
2014

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTAS ANTERIORES

I.2.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO D. ANTONIO FERNÁNDEZ COMESAÑA, DO GRUPO MIXTO, INSTANDO A RETIRADA DO CONCELLO DA APLU (AXENCIA DA PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA)

I.3.- RECUPERACIÓN DA DENOMINACIÓN DE AREAL DE LOURIDO

I.4.- ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA PARA A PROTECCIÓN DA VIDA DO CONCIBIDO E DOS DEREITOS DA MULLER EMBARAZADA

I.5.- SERVIZO DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO NA COMARCA DO VAL MIÑOR

I.6.- PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO METROPOLITANO NA ÁREA DE VIGO

I.7.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO ANTONIO FERNÁNDEZ COMESAÑA, DO GRUPO MIXTO, SOBRE O SENTIDO DE CIRCULACIÓN DA RÚA DO MARIÑEIRO

I.8.- MOCIÓNS:

I.8.1. RENUNCIA DO CONCELLEIRO D. JOSÉ ÁLVAREZ VALVERDE

I.8.2. COBRO DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS.

I.8.3. OPOSICIÓN AO DERRUBO DAS ANTIGAS CASAS DE MESTRES

I.8.4. MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIONS INFORMATIVAS

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA Á:

COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DO ALCALDE EN MATERIA DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DAS DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA: CESE DE D. JOSÉ ÁLVAREZ VALVERDE

II.2.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DO CONCELLO DE NIGRÁN, DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DE 2013

II.3.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- PP:

- D. Alberto García Pazos
- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto
- D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.^a M.^a José Pino Fernández
- D. Antonio Souto Martínez

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
 - D.^a M.^a Dolores Araujo Duarte
 - D.^a M.^a Dolores Martínez Losada
 - D. Rubén Rial Sánchez
 - D. Manuel Doldán Costas
 - D.^a Ana Pérez Pérez
- MIXTO:
- D. Xavier Rodríguez Fernández
 - D. Antonio Fernández Comesaña
- Non Adscrito:
- D. Ignacio Vilas González

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 27 de febreiro de 2014.
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 10:01
- *Hora de remate:* 14:40
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 15
- *Non asiste:* D. José Álvarez Valverde.

Incidencias:

a) Alteracións no *quórum* de asistencia:

D.^a M.^a Dolores Araujo Duarte incorpórase á sesión durante a deliberación do punto I.2 da orde do Día.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTAS ANTERIORES

As actas que se someten á aprobación corresponden ás sesións de datas: 30 de xaneiro e 13 de febreiro de 2014.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar ás actas das sesións sinaladas, distribuídas coa convocatoria, intervén:

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: Pide que no punto I.5 da acta da sesión de 30 de xaneiro, na súa última intervención, onde di "O tema de se é taxa ou prezo é discutible..." debería dicir "O tema de se é taxa ou prezo público é discutible..."

Votación e acordo. Sometidas á votación as actas das sesións do 30 de xaneiro e 13 de febreiro de 2014, quedan aprobadas cos votos a favor dos 15 membros da Corporación presentes, deixándose constancia da observación sinalada.

I.2.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO D. ANTONIO FERNÁNDEZ COMESAÑA, DO GRUPO MIXTO, INSTANDO A RETIRADA DO CONCELLO DA APLU (AXENCIA DA PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA)

Antecedentes:

A) Ditame da Comisión Informativa.

A Comisión Informativa de Urbanismo celebrada o 23 de xaneiro de 2014, á vista do informe dos técnicos municipais de data 17/01/2014, acordou ditaminar desfavorablemente a seguinte moción presentada polo concelleiro do grupo Mixto, Sr. Fernández Comesaña:

Exposición de Motivos:

PRIMERO.- El Ayuntamiento Pleno, en sesión celebrada el 25 de Febrero de 2009, aprobó el convenio de adhesión del Ayuntamiento de Nigrán a la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística (APLU), convenio suscrito el 9/3/2009 y publicado en el DOG el 20/4/2009.

SEGUNDO.- En sesión plenaria de fecha 23/2/2011, se presenta moción por los concejales no adscritos (antes BNG), en la que se aprueba, con los votos de PP, UCN y no adscritos, revocar la delegación de competencias municipales en la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística (APLU), y en consecuencia, iniciar expediente administrativo para la retirada del Ayuntamiento de Nigrán, del citado ente público.

TERCERO.- Con fecha 14/3/2011, la Directora de la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística (APLU), señala que la actividad de la Agencia en relación con el Ayuntamiento de Nigrán, experimento en el año 2010 un incremento en relación con el año anterior, pasando de 3 expediente incoados en el 2009 a 12 en el 2010. Teniendo en cuenta lo indicado, el Ayuntamiento Pleno, en sesión celebrada el 30/3/2011, aprobó con los votos PSOE y PP, "suspender durante 6 meses la tramitación del procedimiento de retirada del Concello de Nigrán de la Agencia, para confirmar si la tendencia se mantiene o no en el presente ejercicio y adoptar, a la vista de los resultados, la resolución que proceda".

CUARTO.- A nuestro entender, lejos de mejorar la situación, ésta ha ido a peor, dado que, a la falta de información sobre los expedientes tramitados por la Agencia, relativo a infracciones urbanísticas, multas coercitivas impuestas, expedientes incoados, resueltos y en tramitación etc., se une la falta total de ingresos a favor del Ayuntamiento de Nigrán, que a lo largo de los últimos cuatro años ha sido de 0 euros, (cuando en el convenio figura percibir el 50%), lo que viene a demostrar la escasa actividad de la Agencia, máxime teniendo en cuenta el elevado volumen de expedientes remitidos, que a falta de datos precisos, podemos estimar en más de 350 enviados por el Ayuntamiento y en poder de la Agencia.

QUINTO.- En el pleno celebrado el 29/11/2012, se formularon por nuestro grupo varias preguntas, en el sentido de conocer el balance de éstos años, ingresos percibidos por infracciones y multas, número de expedientes remitidos y su situación etc., a lo que un año después todavía no obtuvimos respuesta, más allá de confirmar que los ingresos han sido de 0€, y que en Santiago, es el Concello que más espacio físico ocupa con expedientes.


SEXTO.- Lejos de conocer la eficacia en la gestión, solo se perciben pequeños efectos mediáticos (con infractores menores), como ha sucedido recientemente con el derribo de un galpón en As Angustias, pero nada se sabe de grandes infractores que acumulan más de un centenar de expedientes, entre ellos, graves infracciones en suelo especialmente protegido, construcción de muros sin retranqueos, viviendas sin licencia etc.,

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente, **ACUERDO**:

ÚNICO: Levantar la suspensión de seis meses en la tramitación del procedimiento de retirada del Ayuntamiento de Nigrán de la Agencia, acordada en sesión de fecha 30/3/2011, manteniendo el acuerdo adoptado por el Pleno de la Corporación, en sesión celebrada el día 23/2/2011, por el que se aprobó revocar la delegación de competencias municipales en la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística (APLU), y en consecuencia, iniciar el expediente administrativo para la retirada del Ayuntamiento de Nigrán, del ente público."

B) O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 30 de xaneiro de 2014, acordou deixar sobre a Mesa a Moción do Concelleiro do grupo Mixto Sr. Fernández Comesaña, instando a retirada do Concello da Axencia da protección da legalidade urbanística, na que se propuña:

Que el Secretario general informe sobre los efectos jurídicos del acuerdo Plenario de fecha 23/2/2011, donde se acordó por mayoría absoluta de la Corporación "Revocar a delegación de competencias municipais na APLU, e en consecuencia iniciar expediente administrativo para a retirada do Concello de Nigrán deste Ente Público, acuerdo suspendido durante SEIS meses, mediante sesión Plenaria de fecha 30/3/2011, que al haber sido superados, pudiera estar exerciendo la APLU competencias delegadas sin amparo legal.



C) O Secretario Xeral no seu informe do 11 de febreiro de 2014 concluíu que os acordos plenarios de 23 de febreiro e 30 de marzo de 2011 non revogaron as competencias municipais que o Concello delegara previamente na APLU, nin levan a entender que a Axencia poida estar exercendo tales competencias sen amparo legal.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: Repasa os antecedentes e lembra que no último Pleno se acordou pedir informe xurídico á Secretaría en relación cos acordos que adoptara o pleno en 2011 sobre este asunto; informe que se emitiu e que conclúe que o Concello non está fóra da APLU e que non hai base para entender que a Axencia poida estar exercendo as competencias delegadas sen amparo legal. Aclarada a situación, volvemos ao momento de resolver a proposta que quedou sobre a Mesa. A APLU segue sen aportar datos convincentes. O Concello dispón de medios humanos cualificados e suficientes para levar a cabo estas funcións, e sería mais eficaz facelo aquí. Seguiremos sen ter os datos da tramitación levada a cabo pola APLU e grandes infractores seguirán campando ás súas anchas. A Xunta quedou desbordada pola realidade. Pensa que é o momento de reaccionar e recuperar as competencias. Mantén a proposta de abandonar a APLU e lembra que o Concello tampouco está percibindo un só euro das multas.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: A postura do PSOE é a mesma de sempre. O Concello incorporouse na época do goberno PSOE-BNG e foi o PP quen, no seu día, promoveu a saída da APLU, aínda que despois apoiou unha moratoria. É certo que a Axencia non cumpre coas expectativas e gustaríalles saber cal é a postura actual do goberno.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Non avala a saída da Axencia para recuperar unhas competencias que o Concello non vai exercer correctamente. Á vista dos informes votará en contra da saída.

Sr. Alcalde-Presidente: As posturas do PP sempre trataron de sustentarse en informes. Se o representante de UCN di que hai grandes infractores que campan en Nigrán, debe actuar cos mecanismos que ten ao seu alcance. Votarán en contra da saída.

Sr. Fernández Comesaña: No momento da incorporación á APLU houbo un informe contrario da Intervención. Así que non todos son favorables. O certo é que a situación non mudou a favor da APLU desde o 2011. Quen cambiou foi o Alcalde. O actual goberno, coma o anterior, o que buscan é derivar responsabilidades nun órgano externo, pero sen perder as retribucións que perciben. Estase perdendo unha oportunidade.

Sr. Alcalde-Presidente: Sorpréndelle a opinión do Sr. Fernández Comesaña, porque non se sustenta en argumentos. Os propios técnicos ofrecen as razóns para a decisión de manterse.

Votación e acordo sobre a Moción do Sr. Fernández Comesaña.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 8; PP e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 7; PSOE e Sr. Vilas González, non adscrito.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a Moción ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa.

I.3.- RECUPERACIÓN DA DENOMINACIÓN DE AREAL DE LOURIDO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 20/02/2014 acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción presentada polo Concelleiro Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No segundo cuarto do século XX, por intereses turístico comerciais, os nomes tradicionais de Areal de Panxón e Areal de Lourido, que fan referencia a cada un dos extremos da enseada, comezan a ser substituídos por un nome de nova creación: Praia América.

Debido a proximidade do propio núcleo de Panxón, a denominación da parte norte do areal non se viu ameazada de sobrevivencia, pero o nome de Areal de Lourido, que designaba a parte sur, foise perdendo.

En 1938 aínda tiñan plena vixencia entre a poboación da zona os nomes tradicionais do areal, e José Espinosa de Los Monteros dedícalle a esta magnífica praia un capítulo do seu libro Casas y cosas de Valle Miñor, onde di:

«Aprovechamos esta ocasión para protestar contra el "mote" caprichosamente impuesto para darla a conocer. Substituir el nombre de Lourido, eufónico, expresivo y enraizado en la historia del valle, por otro extranjero, es una ofensa a nuestros antepasados y un desprecio de la tradición.» (Espinosa 1938: 13)

A actitude de Espinosa, que na súa época bateu coa indiferencia (por non dicir coa ignorancia) das autoridades competentes, viña coincidir coas directrices e recomendacións promovidas nas últimas décadas polo Grupo de Expertos para Nomes Xeográficos da ONU, asumidas así mesmo pola UNESCO. Nelas establécese que os topónimos tradicionais deben ser preservados como parte do patrimonio cultural dunha comunidade ao tempo que se desaconsella a chamada "toponimia conmemorativa" e outras formas de denominación de espazos públicos que sepultan para sempre a toponimia tradicional.

Por outra banda, tras décadas de utilización oficial do nome de Praia América, este asentouse de xeito xeralizado entre a poboación, tanto foránea como local, ata o punto de que a súa substitución total sería certamente problemática.

É por iso que, seguindo as recomendacións tamén asumidas pola UNESCO, queremos propoñer a utilización dos dous topónimos como "denominación alternativa", unha categoría

que ten en Galicia varios casos , como por exemplo: O Maño ou Xobre (Concello de A Proba do Caramiñal) e Provecende ou Abadín (Concello de Abadín, Lugo). De tal xeito que, no noso caso, falaríamos de "AREAL DE LOURIDO ou PRAIA AMÉRICA" como denominación alternativa e indistinta.

Por todo o anteriormente exposto, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. O Concello de Nigrán, en virtude das súas competencias e co obxecto de valorizar a riqueza do seu patrimonio inmaterial, establece formalmente o nome de Areal de Lourido como denominación oficial da praia, como topónimo alternativo e coexistente co actualmente vixente de Praia América.

2. O Concello de Nigrán comprométese a potenciar o seu uso, tanto na rotulación como na edición de folletos e similares, como topónimo alternativo, a fin de que sobreviva."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Refírese aos antecedentes históricos do topónimo e á xustificación da proposta, afastada das denominacións conmemorativas. É consciente de que, polo tempo transcorrido, tampouco se pode prescindir do topónimo actual, de xeito que poderían convivir ambas denominacións.

Sr. Alcalde-Presidente: Parécelle correcta a proposta sobre todo ao facerse con ese carácter alternativo. Falta saber o que opina a Asociación de veciños sobre o particular.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4.- ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA PARA A PROTECCIÓN DA VIDA DO CONCIBIDO E DOS DEREITOS DA MULLER EMBARAZADA

A) Ditame da Comisión Informativa:

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 20/02/2014, vista a moción conxunta do grupo socialista e do concelleiro do grupo mixto, Xavier Rodríguez Fernández, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta alternativa presentada pola Concelleira D^a M^a José Pino Fernández, delegada de Patrimonio, Igualdade e Xuventude:

JUSTIFICACIÓN.

Nadie puede negar a una mujer su derecho a ser madre, ni tampoco nadie puede obligarle a serlo. El derecho a decidir de las mujeres sobre su maternidad no se puede enmarcar en un debate político, ético o sociológico que no complete como punto de partida irrenunciable la libre decisión de las mujeres. La maternidad es un derecho fundamental cuyo ejercicio no puede ser objeto de imposición ni tampoco de anulación por parte de ningún estamento o instancia política, social o religiosa.

En estos momentos, en el Congreso de los Diputados se ha planteado un anteproyecto de ley que reforma la legislación vigente desde 2010, que a su vez reformó la ley que en 1985 despenalizaba parcialmente la interrupción voluntaria del embarazo.

Este anteproyecto recientemente presentado, al no contar con el suficiente debate previo y el necesario consenso, puede correr la misma suerte que la legislación aprobada en 2010, es decir, será una ley efímera y de corto recorrido que volverá a ser modificada en cuanto se produzcan nuevas mayorías o equilibrios parlamentarios.

Por todo ello el grupo municipal popular cree necesaria una regulación de la interrupción voluntaria del embarazo que contemple al menos:

- La seguridad jurídica de las mujeres, la prevención contra los embarazos no deseados, con una educación sexual que recorra todos los estadios educativos, desde la coeducación real y efectiva y la transmisión de valores de igualdad entre hombres y mujeres.
- La combinación racional de los plazos con la regulación específica de determinados supuestos tales como malformaciones, embarazo de menores de edad o violaciones, entre otros.


En consecuencia con los anteriores requisitos, el grupo municipal popular insta al Gobierno de la Nación a:

- a) Abrir un proceso de diálogo y debate con otras fuerzas políticas, agentes sociales, sociedades científicas y otros colectivos que tengan que ver con el tema, que conduzca a una regulación de la Interrupción Voluntaria del Embarazo mucho más consensuada, acorde con la sociedad plural y secularizada de hoy, y en consonancia con las legislaciones de los países de nuestro entorno.
- b) No avanzar en la tramitación del Anteproyecto de Ley de Protección de la Vida del concebido y los Derechos de la embarazada en tanto no se haya consumado el diálogo referido en el punto anterior y alcanzado acuerdos de consenso con otras fuerzas políticas."

B) Emenda con proposta alternativa formulada polo Concelleiro Sr. González Pérez (PSOE), consistente na Moción conxunta do grupo Socialista e o concelleiro Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto, formulada na Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 20/02/2014

“EXPOSICION DE MOTIVOS

O pasado 20 de decembro de 2013 o Consello de Ministros aprobou, a iniciativa do



ministro de Xustiza, Alberto Ruíz Gallardón, o Anteproxecto de Lei Orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada.

A aprobación deste Anteproxecto suporá, entre outras cousas, a derogación da lei de prazos combinada do 2010 en relación á interrupción voluntaria do embarazo (en adiante IVE) e establecerá un modelo de supostos aínda máis restritivo que a lei de indicacións médicas do 1985 (Lei Orgánica 9/1985, de 5 de xullo, de despenalización do aborto en determinados supostos).

Coa súa intención de derrogar a vixente lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, o Goberno do Partido Popular non soamente elimina unha regulación do IVE senón tamén un conxunto de políticas públicas, medidas preventivas a nivel educativo e sanitario e protocolos de asistencia sanitaria que se caracterizan por ser un auténtica garantía de protección xurídica e sanitaria da saúde sexual e reprodutiva das mulleres. Na Estratexia Nacional de Saúde Sexual e Reprodutiva que acompañou á promulgación da Lei, establécense as medidas a desenvolver en todo o territorio español.

A inmensa maioría dos países europeos, incluído polo momento España, recoñecen a IVE por libre decisión das mulleres entre 8 e 24 semanas (Alemaña, Bélxica, Dinamarca, Francia, Holanda, Italia, Noruega, Portugal, Suecia, etc.) e outros a permiten por indicacións tan amplas que na práctica supón a libre decisión das mulleres (Inglaterra, Finlandia e Islandia).

As leis máis restritivas son inxustas coas mulleres, non diminúen as taxas de aborto pero si provocan que máis mulleres morran como consecuencia de abortos inseguros. Esta lexislación restritiva, en lugar de ser un instrumento para evitar a práctica do aborto, é causa pola contra dun maior índice de mortalidade.

O Anteproxecto de Lei Orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada establece solo dous supostos de despenalización do aborto: que sexa "necesario" por existir "grave perigo para a vida ou saúde física ou psíquica de la muller" durante as primeiras 22 semanas de xestación, ou que o embarazo sexa resultado dun delito contra a súa liberdade ou a súa indemnidade sexual, sempre que se produza nas doce primeiras semanas e que o feito fora denunciado. Polo tanto, o anteproxecto é moito máis restritivo que o anterior modelo de supostos de 1985 ao eliminar o suposto de malformación do feto.

Deste modo, España afástase totalmente da normativa vixente en case tódolos países europeos e se equipara con boa parte das zonas máis subdesenvolvidas de África e América Latina, onde os dereitos das mulleres aínda non están plenamente recoñecidos, cunhas leis abortivas nulas ou se limitan soamente ao suposto de mortalidade materna.

Neste senso, a Organización Mundial da Saúde demostrou que empurrar ás mulleres que desexan interromper a súa xestación á clandestinidade supón un grave risco de mortalidade para elas.

De feito, o Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller, o Comité contra a Tortura e o Comité de Dereitos Humanos (CDH) da ONU manifestou que prohibir o aborto nos casos de malformación fetal grave supón un "trato cruel, inhumano e degradante para a muller",

En 1995, as Nacións Unidas, na "Declaración e Plataforma de Acción de Beijing" , adoptada de forma unánime por 189 países, declaraban que "os dereitos humanos das mulleres Inclúen o seu dereito a exercer o control e decidir libre e responsablemente sobre as cuestións relativas á sexualidade, incluída a súa saúde sexual e reprodutiva" (medida nº 96 relativa á muller e saúde) e instaba a tódolos países a elaborar lexislacións que garantisen os dereitos neste senso.

Polo tanto, o dereito a decidir sobre a maternidade e os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, son dereitos humanos que deben defenderse e ser promovidos por unha educación en igualdade. Neste sentido, a vixente Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo fundaméntase nestes principios básicos, o respecto á dignidade das mulleres e á súa vida, cunha formación específica e dada por profesionais especializados.

De saír adiante esta reforma da Lei, o aborto non deixaría de practicarse, pero sumaría á desigualdade de xénero, a desigualdade económica. Cambiar a vixente lei de prazos por outra de só supostos médicos, como pretende o Goberno, terá consecuencias moi negativas para a saúde das mulleres xa que a maioría das mulleres, que non abortan por situación médicas senón por moi diversas causas, estarán obrigadas a recorrer a abortos máis perigosos: máis tardíos, mediante métodos e recursos non sempre autorizados ou estarán obrigadas a viaxar fora da súa zona sanitaria ou a outro país, co conseguinte dano psicolóxico engadido.

O Ministro de Xustiza, Alberto Ruíz Gallardón, fundamenta as súas propostas nalgunhas aseveracións que non se axustan á verdade:

Primeiro. Con frecuencia referiuse a sentenza do Tribunal Constitucional de 1985 (sentenza 53/1985, do 11 de abril, sobre recurso de inconstitucionalidade da Lei do Aborto), como aval para eliminar a preponderancia dos dereitos da muller (persoa) sobre os da vida en evolución (ben xurídico a protexer) cando aquela sentenza sinalaba con claridade que solo a muller se lle recoñecen dereitos fundamentais.

O Tribunal Constitucional estableceu que a protección xurídica ao non nacido non pode estar por encima dos dereitos das mulleres e que é a partir do nacemento cando se considera persoa titular de dereitos.

Segundo. O Sr. Ruíz Gallardón utiliza a Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade das Nacións Unidas para avalar as súas teses confundindo os conceptos de deficiencia ou anomalía con discapacidade. En ningún apartado da citada Convención se fala do discapacitado non nacido, concepto contrario á propia definición de discapacidade xa que esta nunca pode darse antes do nacemento ao definirse como a largo prazo e ao interactuar co medio.

Por outra parte, esta iniciativa de reforma lexislativa do Goberno do Partido Popular non responde a unha demanda social xa que a Lei vixente de 2010 estase a aplicar sen problemas e dificultades en tódalas Comunidades Autónomas, incluídas aquelas nas que goberna o Partido Popular.

Durante o tempo de aplicación da Lei vixente, as taxas de aborto subiron levemente, as mulleres foron atendidas de maneira máis equitativa independentemente do seu nivel económico e do lugar onde vivan; os abortos realizáronse máis pronto e non se produciron

demandas xudiciais contra mulleres nin contra profesionais sanitarios (coa Lei de 1985 máis de 2.000 mulleres e decenas de profesionais sanitarios foron procesados).

As mulleres, como persoas comprometidas coa xustiza social e os dereitos humanos, defenden a vida, tamén a que se desenvolve no seno materno. As mulleres que abortan son as primeiras que se enfrontan ao conflito que viven e só elas, coa súa madurez e a súa responsabilidade, poden dirimilo.

A responsabilidade das mulleres, xunto coa mellora no acceso aos servizo sanitarios e a maior financiamento das IVE polo sistema público de saúde posibilita que o 90 % dos abortos se realicen dentro do primeiro trimestre de xestación, un feito fundamental dende o enfoque da saúde pública ao evitar riscos biolóxicos, psicolóxicos e sociais que resultan dos abortos tardíos. Calquera restrición aumentará os abortos tardíos e de maior risco.

A pretendida reforma da Lei criminalizará aos profesionais sanitarios que practiquen unha IVE fora dos restrinxidos supostos que contempla. Fronte a esta prohibición do aborto e a súa criminalización nos supostos non regulados, o aborto continuará practicándose.

A IVE é un acto sanitario que debe levarse a cabo en servizos sanitarios adecuados, por profesionais sanitarios e seguindo protocolos avalados cientificamente.

A práctica do aborto debe realizarse coas mesmas garantías que calquera outra atención de saúde (entendendo saúde, conforme a Organización Mundial da Saúde, como benestar físico, psicolóxico e social e non como mera ausencia de enfermidade) pero debido a intención manifesta do Goberno do Partido Popular de incriminar aos profesionais sanitarios especializados na IVE, o Goberno elimina tódalas garantías na protección da saúde sexual e reprodutiva da muller.

Por todo isto o Grupo Municipal Socialista do Concello de Nigrán presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Un. Instar ao Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto da Lei Orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada, pola que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción do embarazo.

Dous. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: Defende a Moción debatida na Comisión Informativa. Refírese ao complicada que é a decisión de abortar e indica que está claro o que propoñen, de xeito que manteñen a súa iniciativa orixinal.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Asuntos coma este esixen, pola súa

transcendencia, unha toma de postura. Ademais na formulación inicial súa tamén quixo chamar a atención sobre o incumprimento da lei actual. E nese sentido propúxose instar á Xunta de Galicia a cumprir coas súas obrigas.

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: O Concello non é o foro axeitado para debater algo que corresponde regular ao Estado. A emenda ditaminada pola Comisión parécelle razoable, pero a súa postura está condicionada pola referida falta de competencia municipal.

D.ª M.ª José Pino Fernández, concelleira delegada: O ser nais é un dereito fundamental das mulleres. O PP pensa que se debe regular a interrupción voluntaria do embarazo e ao mesmo tempo a formación e demais aspectos relacionados con esta materia e por iso se formulou a proposta nos termos en que ven ditaminada pola Comisión.

D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte, do grupo Socialista: O presidente do Goberno xa rexeitou o que di a proposta que o PP trae ao Pleno. O primeiro que se rexeita é o dereito da muller a decidir, de xeito que é incongruente o que agora propón o goberno municipal. Está claro que o dereito da muller non é comparable co do "nasciturus".

Sr. Rodríguez Fernández: A proposta do goberno municipal non é tan contundente coma a subscrita polo PSOE e o BNG. Aínda así, tampouco está en contra da do PP, pola toma de postura que supón, e por iso absterase en relación a esta.

Sr. Alcalde-Presidente: Recoñece que o foro non é o máis axietado, e que se deben respectar as distintas posturas. A do PP pretende abrir o debate e un diálogo no que deben participar outros sectores e non só os políticos.

Votación e acordo sobre a emenda con proposta alternativa formulada polo Concelleiro Sr. González Pérez (PSOE).- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 8; PP e Sr. Vilas González, non adscrito.
- Abstencións: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a proposta alternativa formulada.

Votación e acordo sobre a proposta da Comisión- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PP e Sr. Vilas González, non adscrito
- Votos en contra: 6; PSOE.
- Abstencións: 2; grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.5.- SERVIZO DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO NA COMARCA DO VAL MIÑOR

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 20/02/2014, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción presentada polo Grupo Socialista:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento da ciencia médica e das tecnoloxías e a nova forma de xestión hospitalaria, xunto cos cambios socio-demográficos dan lugar a novas formas de asistencia e atención hospitalaria que favorece o traslado do paciente ao seu entorno familiar.

Entre estas modalidades asistenciais atopamos a hospitalización a domicilio (HADO), dotada dos recursos materiais e humanos precisos para prestar no domicilio do paciente unha atención completa, segura, organizada e con niveis de calidade semellantes aos dispensados no hospital.

A HADO consiste, polo tanto, na atención integral no domicilio a pacientes que precisen coidados hospitalarios. A súa función consiste en ofrecer aos pacientes por parte de profesionais da saúde especializados (en determinados procesos nos que non se precisa unha infraestrutura hospitalaria pero si vixilancia activa) uns procedementos diagnósticos, terapéuticos e coidados médicos e de enfermería continuados en igual cantidade e calidade que no hospital, e asistencia e apoio aos seus familiares.

De feito o perfil do paciente da HADO son anciáns maiores de 65 anos, derivados fundamentalmente dos servizos de medicina interna e urxencias, por causas respiratorias (pneumonía , EPOC descompensado, insuficiencia respiratoria, fibrose pulmonar, etc), oncolóxicas e cardiovasculares (insuficiencia cardíaca conxestiva ou ICC, trombose venosa profunda ou TVP, fibrilación auricular, etc).

Mediante o servizo HADO búscase aproveitar os recursos hospitalarios, asegurando unha asistencia integral, conseguir un mellor lugar terapéutico para o usuario, establecer unha ponte entre o hospital e a atención primaria, asegurando unha continuidade asistencial integral unha vez que o paciente dáse de alta no hospital.

A HADO está crescendo de modo progresivo, debido á demanda que xera, que favorece a melloría do paciente no seu entorno familiar, permite unha maior integración entre os usuario e o persoal sanitario e reduce as estancias hospitalarias.

A HADO, con independencia dos seus custes económicos (moito menores que os ingresos hospitalarios tradicionais), defende o benestar do paciente: individualizar e manter o enfermo hospitalizado no seu propio medio, que sempre será máis cómodo, tanto a nivel de comida como a nivel de relación. Pero ademais, evita algunhas complicacións que implica a propia hospitalización, como a desorientación interespacial que sofren nos hospitais a xente

maior, evítanse infeccións propias dos centros hospitalarios e conta coa vantaxe de que o paciente se recupera antes. A atención hospitalaria a domicilio permite comodidade, humanizar a medicina e evitar complicacións propias da hospitalización.

A "Estratexia SERGAS 2014" da Consellería de Sanidade, no seu obxectivo 2, contempla "potenciar os coidados domiciliarios de forma equitativa, facilitando aos pacientes unha atención integral no lugar axeitado, atendendo ás súas necesidades, evitando estancias e visitas innecesarias aos centros hospitalarios e reforzando o papel do domicilio do paciente como lugar de atención" e para iso recolle como elemento clave "reforzar o papel das unidades de hospitalización a domicilio, de forma gradual e vinculadas a atención especializada".

Con esta folla de ruta e iniciado o ano 2014, non existe aínda na comarca do Val Miñor un servizo de hospitalización a domicilio nin tampouco intención manifesta da Consellería de Sanidade de implantalo a curto prazo.

O Hospital Policlínico de Vigo S.A (POVISA), ao que está adscrita a poboación de Coia (Vigo), o Val Miñor e boa parte do Morrazo, actualmente só presta o servizo HADO aos residentes en Vigo cun equipo formado por un médico e dúas enfermeiras.

Pola súa banda, o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) presta o servizo HADO ao resto da poboación de Vigo cun equipo de seis persoas.

Neste contexto a imposibilidade de acceso ao servizo HADO da poboación afectada de Nigrán e do Val Miñor supón unha evidente discriminación respecto dos pacientes de Vigo así como un menoscabo nos seus dereitos de acceso a unha prestación asistencial hospitalaria adecuada e a un coidado hospitalario da saúde que se beneficie das vantaxes que proporciona a hospitalización a domicilio.

Son varios os concellos da área POVISA que reclaman o servizo HADO do que actualmente carecen: no Morrazo veñen reclamando dende fai tempo este servizo e recentemente a Corporación de Gondomar, na súa sesión plenaria do 5 de decembro de 2013, ven de votar por unanimidade unha moción solicitando a implantación deste servizo HADO na área xestionada por POVISA.

Por todo isto o Grupo Municipal Socialista do Concello de Nigrán presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal a seguinte PROPOSTA DE **ACORDO**:

1. Solicitar á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) que realicen sen demora as xestións necesarias para iniciar os trámites precisos para a implantación do servizo de hospitalización a domicilio (HADO) pola Unidade de HADO do Hospital POVISA na comarca do Val Miñor, en cumprimento da "Estratexia SERGAS 2014".
2. Instar á Dirección do Hospital POVISA a iniciar sen demora contactos co Servizo Galego de Saúde a efectos de que a súa Unidade HADO preste servizos de hospitalización a domicilio en Nigrán e na comarca do Val Miñor.
3. Realizar por parte desta Corporación de Nigrán un seguimento periódico da implantación

solicitada no noso municipio do servizo HADO, a efectos de evitar dilacións e demoras nos trámites administrativos precisos para a súa implantación."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: Explica e defende a proposta.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Remítese ao consignado no ditame da Comisión.

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: Apoia a proposta.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Pensa que é correcta e que é xusto reivindicala tamén para esta zona sanitaria, de forma que os servizos que se prestan en áreas servidas por hospitais públicos se estendan ás que están atendidas por centros concertados.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16 ; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa..

1.6.- PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO METROPOLITANO NA ÁREA DE VIGO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 20/02/2014, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción presentada polo Grupo Popular e modificada na propia Comisión:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai uns días tivemos coñecemento a través dos medios de comunicación da intención do Alcalde de Vigo de eliminar o acceso a bonos do servizo de transporte, Tarxeta Verde, da empresa concesionaria do transporte público en Vigo, VITRASA, a todo cidadán que non estivese empadroado en dita cidade. Esta decisión tomada de forma unilateral polo goberno vigués, supón un importante perxuicio aos cidadáns da comarca, entre eles os de Nigrán, que, sin estar empadroados na cidade de Vigo, desprázanse a ela diariamente, para desenvolver o seu traballo, a cursar os seus estudos, acuden aos hospitais ou as diferentes administracións públicas, ou por calquera outro motivo. Ademais, moitos deses cidadáns son vigueses, que por distintas circunstancias estableceron a súa residencia nos concellos limítrofes, sen que iso supoña romper vínculos coa cidade de Vigo.

O único argumento esgrimido polo alcalde de Vigo neste caso é que "os impostos de Vigo pagan os servizos dos cidadáns de Vigo" . Esta visión localista das relacións metropolitanas supón unha exclusión inxusta de moitos cidadáns que sin estar empadroados en Vigo, si pagan os seus impostos na cidade. Falamos de comerciantes, de propietarios de segundas residencias, de profesionais liberais, de autónomos... Pero tamén consideramos inxusta esta decisión que non valora os fluxos comerciais efectuados por cidadáns metropolitanos que se achegan diariamente a Vigo para facer as súas compras, ou desfrutar do seu tempo de ocio, ca conseguinte beneficio para o sector de servizos da cidade de Vigo.

Entendemos que esta decisión non contribúe á fomentar os lazos de unión que indudablemente manteñen a cidade de Vigo e Nigrán, nin responde a vontade dos cidadáns de ámbalas poboacións, sobre todo si temos en conta que existen ferramentas axeitadas para evitar este conflito.

Se a esta situación e decisión tomada polo concello de Vigo lle sumamos a realidade do transporte público que afecta o noso municipio, está claro que os verdadeiros perxudicados son os nosos veciños que ven un novo atranco a utilización deste transporte.

Neste mes de febreiro vense de presentar por parte da Xunta de Galicia a tódolos municipios que conformamos a área metropolitana o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na ATM de Vigo. Tanto a Xunta de Galicia e a maioría dos concellos da área metropolitana de Vigo, veñen demandando dende fai anos a posta en marcha deste plan de transporte metropolitano, atopándose este bloqueado polas sucesivas negativas do Sr Caballero, actual alcalde de Vigo.

É o momento de tomar decisións e de dar solucións ás demandas e as necesidades dos nosos veciños e veciñas en relación ó transporte público, polo que xa non caben excusas nin demorar a posta en marcha dun plan de transporte público que nestes momentos xa funciona noutras áreas de Galicia, de España e de Europa e do resto do mundo.

Por todo isto, o grupo municipal popular do concello de Nigrán propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **acordo**:

PRIMEIRO: Instar á Xunta de Galicia para que de forma urxente poña en marcha o Plan de Transporte Público Metropolitano na área de Vigo.

SEGUNDO: Instar á Xunta de Galiza e ós Concellos da área a xestionar a mobilidade favorecendo a intermodalidade, mediante unha rede de intercambiadores intermodais, en que teñan cabida xunto co viario, o transporte ferroviario e marítimo da ría.

TERCEIRO: Instar ó concello de Vigo a manter os beneficios de uso e acceso universal da tarxeta verde para o transporte público de Vigo, como viña sendo ata o de agora e ata que se poña en funcionamento o Plan de Transporte Metropolitano de Vigo."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: É unha cuestión de transcendencia para a área de Vigo e ven a coincidir coa presentación dun Plan desta natureza pola Xunta. Le a parte dispositiva da proposta e deféndea.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: O BNG da comarca de Vigo impulsou unha iniciativa nesta liña en todos os Concellos da área. A transaccional coa do PP deu lugar a introducir a intermodalidade e outros aspectos que melloran a proposta inicial.

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: A problemática existe hai moitos anos, pero aínda non hai unha solución. A emenda do BNG toca aspectos que requiren unha resposta. A cuestión dos intercambiadores é vital. A coordinación é complexa e a participación de Vigo resulta imprescindible. Non se sabe cal vai ser a achega de cada Concello e o estudo económico é necesario.

Sr. Alcalde-Presidente: A interconexión aparece no Plan da Xunta. Xa se implantou un sistema metropolitano noutras áreas da Galicia, pero as dificultadas na nosa son maiores. O estudo económico hai que actualizalo e a implicación de Vigo resulta fundamental. O momento é o de buscar unha solución coa colaboración de todos.

Sr. Fernández Comesaña: Pensa que o principal escollo reside nos intercambiadores.

Sr. Alcalde-Presidente: É necesario utilizar unha aplicación informática para acadar unha coordinación axeitada.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16 ; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.7.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO ANTONIO FERNÁNDEZ COMESAÑA, DO GRUPO MIXTO, SOBRE O SENTIDO DE CIRCULACIÓN DA RÚA DO MARIÑEIRO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 20/02/2014 acordou ditaminar desfavorablemente a seguinte moción presentada polo Concelleiro Antonio Fernandez Comesaña, do grupo mixto:

"Exposición de Motivos:

UNO.- El pasado mes de junio de 2013, el gobierno local decidió cambiar el sentido de la circulación de la rúa Mariñeiro en PANXÓN, pasando de ser un vial que siempre funcionó como vía de doble sentido de circulación, a una vía de dirección única en sentido descendente, desde

la PO-325 hacia el centro urbano y Puerto, con la teórica finalidad de conseguir aumentar plazas de aparcamiento, pero que en la práctica apenas ha tenido incidencia.

DOS.- Lejos de resolver la situación a la escasez de plazas de aparcamiento en el entorno del centro urbano de Panxón, ha generado un problema mayor al restringir la salida del núcleo urbano por la principal vía de comunicación, como es la rúa Mariñeiro, vial de titularidad autonómica PO-333, desviando gran parte del tráfico por el camino dos Lagos, camino vecinal que no dispone de ancho suficiente ni aceras para peatones, y además, la peligrosidad que supone la entrada al colegio público existente, con niños, coches aparcados etc., genera un elevado riesgo; así como por la rúa Tomás Mirambel-Patos, vial colapsado durante la temporada estival y que produce un caos en la circulación por la saturación de tráfico.

TRES.- Tal medida obligó también a cambiar el recorrido del transporte público de viajeros, pasando a eliminarse las paradas existente en la PO-325 (altura de la antigua estación y cruce Bouzabella), y trasladar a la rúa Tomás Mirambel (cruce Monteferro), con el consiguiente perjuicio y trastorno para los vecinos que viven en la parte alta de Panxón, que a diario tienen que desplazarse, tanto a Vigo, Baiona como Gondomar, añadiendo una dificultad todavía mayor a los usuarios del transporte público de viajeros.

CUATRO.- Para hacer efectivo el cambio en la circulación, el Ayuntamiento de Nigrán ha tenido que afrontar un gasto de 11.886,19€, en el repintado de la calle, trabajos que fueron adjudicados a la empresa MANTOP, mediante decreto de Alcaldía de fecha 29/5/2013, con diversos reparos de legalidad formulados por el Interventor municipal.

CINCO.- Habida cuenta que tal medida ha contado con el rechazo mayoritario, tanto de vecinos como de locales de negocio, y que desde grupos de la oposición hemos mostrado no solo públicamente su rechazo, sino que también nuestro grupo interpeló al alcalde en varios plenos (así como petición por escrito), de copia del expediente administrativo, con informes-estudio de tráfico de la Policía Local, así como autorización de la Xunta de Galicia, por el cambio de itinerario en el transporte público de viajeros, sin éxito alguno hasta la fecha. Experimento que ha resultado un fracaso, al querer convertir una vía principal de comunicación, en una calle secundaria, por lo que resulta necesario recuperar el doble sentido de la circulación que siempre tuvo Rúa do Mariñeiro.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente, **ACUERDO:**

PRIMERO.- Instar al Alcalde a que de forma inmediata reponga a su estado primitivo la rúa Mariñeiro (PO-333), volviendo a ser una vía de doble sentido de circulación, realizando al efecto, las gestiones necesarias ante la Xunta de Galicia y la empresa ATSA, concesionaria del transporte público, para recuperar las paradas en la PO-325 (estación y cruce Bouzabella), dada su nula efectividad y rechazo generado.

SEGUNDO.- Gestionar ante la Xunta de Galicia o Diputación Provincial, nuevamente el repintado de la calle, de tal manera que no suponga un mayor gasto para las arcas municipales."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: Trátase de corrixir unha actuación do goberno que alterou o sentido da circulación en parte da rúa do Mariñeiro cun resultado caótico para o tráfico, os peóns e o transporte público. Os veciños e moitos comerciantes rexeitan o cambio. Refírese a outros aspectos da Moción e dálle lectura á parte dispositiva da mesma. Sinala que a busca de aparcamento xerou unha situación que non compensa os beneficios obtidos. A el non se lle facilitou a documentación que pediu, relativa aos fundamentos da decisión adoptada. Agora apórtase un informe do Xefe da policía local, que nin sequera houbo tempo para lelo.

Sr. Alcalde-Presidente: O Xefe da policía local informa dos problemas detectados antes de adoptarse aquela decisión, entre eles as dificultades de circulación para o transporte público, opinando que a nova situación aporta vantaxes. É certo que hai dificultades no camiño dos Lagos. En xeral pensa que o balance é positivo para a mobilidade, o transporte, a carga e descarga o aparcamento, etc. Poden analizarse as alternativas, pero non é razoable volver á situación inicial.

D. Manuel Doldán Costas, do grupo Socialista: A decisión foi precipitada. Neste caso non se consultou aos veciños. Pensan que debe volveuse á situación inicial. Non está de acordo coas conclusións do informe da Policía Local. Falta un estudo de seguridade e dáse a circunstancia de que incluso quedou cortado o acceso directo entre o templo votivo e o cemiterio, co problema que iso supón para o transporte fúnebre. Problemas semellantes tamén os hai na rúa dos Lagos para o transporte escolar. Pide que se volva á situación anterior, porque a actual é nefasta para Panxón.

Sr. Alcalde-Presidente: Pregúntalle ao Sr. Doldán, que fixo el na súa etapa de Concelleiro de tráfico para resolver estes problemas de transporte colectivo, escolar, aparcamentos, etc.

Sr. Doldán Costas: O que non fixo foi limitar a circulación, empeorando a calidade de vida dos veciños. O Alcalde foi atrevido e irresponsable nisto.

Sr. Alcalde-Presidente: As decisións poden ser mais ou menos acertadas, pero a mellora da circulación, da seguridade e dos aparcamentos é clara. E tamén hai deficiencias que se poden corrixir.

Sr. Doldán Costas: Seguirán pedindo que a situación se restaure. Ademais, incrementouse a inseguridade.

Sr. Alcalde-Presidente: Tivo unha reunión coa Asociación de veciños, que pediu, entre outras cousas, pasos de peóns e tamén indicou outras deficiencias, que se tratarán de corrixir.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Os informes non deben poñerse sobre a mesa o día do Pleno. Isto impide o seu contraste. Hai descontento entre os veciños, que inciden nas dificultades de circular polo camiño dos Lagos. Os estacionamentos indebidos deberan perseguirse no seu momento. As complicacións para os usuarios do transporte público tamén son notorias. Apoiará a proposta.

Sr. Fernández Comesaña: Se como dixo o Alcalde a opinión veciñal é importante, haberá que pulsala en todos os casos. Agora recoñece as dificultades xurdidas no camiño dos Lagos. A seguridade sacrificouse en beneficio do aumento dos aparcamentos. Pídelle de novo ao Alcalde que entregue a documentación que o levou a tomar esta decisión. Pensa que na orixe do problema está a expectativa de que o barco das Cíes iba vir a Panxón. Pero foi un cálculo errado. Os aparcamentos non poden manterse a calquera prezo, Como a competencia é do Alcalde, súa é tamén a responsabilidade.

Sr. Alcalde-Presidente: Escoitouse á Asociación de veciños. O propoñente da moción parece estar en contra da dinamización de Panxón. Hai que dar resposta á afluencia de visitantes e o que aquí se propón é que non se faga nada. Para o Alcalde hai máis pros que contras e tamén opinións diversas, moitas delas favorables. Daralle a documentación da que dispón.

Votación e acordo sobre a Moción.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: 7; PP.
- Abstencións: 1; Concelleiro non adscrito.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a Moción.

I.8.- MOCIÓNS DE URXENCIA:

I.8.1. RENUNCIA DO CONCELLEIRO D. JOSÉ ÁLVAREZ VALVERDE .

Expte. nº: 2014/017S

Formulada pola Alcaldía nos seguintes termos:

Ao Pleno do Concello de Nigrán:

O día 25 de febreiro de 2014, D. José Álvarez Valverde (PP) presentou escrito, con rexistro de entrada nº 2.511, renunciando ao seu cargo de concelleiro deste Concello.

En consecuencia, propónse ao Pleno que, previa declaración de urxencia, tome coñecemento da referida renuncia, indicando que, a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante ao seguinte integrante da lista do Partido Popular (PP), D. José Antonio Vidal Meneses, do que se dará conta á Xunta Electoral Central.

Deliberación sobre urxencia- Síntese das intervencións:

O Sr. Alcalde-Presidente: Informa da renuncia do Concelleiro e da proposta que se somete á consideración do Pleno.

Votación e acordo relativo á urxencia: Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16 ; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

Deliberación sobre o fondo da Moción.- Non se producen intervencións.

Toma de razón.- O Pleno do Concello toma coñecemento da renuncia ao seu cargo de Concelleiro *D. José Álvarez Valverde* (PP), presentada o día 25 de febreiro de 2014, co rexistro de entrada nº 2.511, indicando que, a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante ao seguinte integrante da lista do Partido Popular (PP), *D. José Antonio Vidal Meneses*, do que se dará conta á Xunta Electoral Central.

I.8.2. COBRO DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS

Formulada polo Concelleiro Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto:

Exposición de Motivos:

Que por encargo de la Alcaldía a una empresa se procede a revisar el Padrón de la Tasa por entrada de vehículos a través de aceras. Dicha empresa se encarga de medir el ancho de todas las entradas donde existen aceras y a incluir como propuesta de alta en el censo aquellos contribuyentes con entradas existentes para uso de viviendas, con independencia de que estas dispongan o no de la placa de vado o los propietarios de vehículo. Incluso en dicha relación también figurarían algunas entradas que no dispondrían de aceras. Lo que significa según declaraciones públicas del alcalde, que con la actualización del padrón se habían descubierto un total de 911 vecinos que no abonaban la tasa cuando les correspondería hacerlo.

En el último trimestre de 2.013 la mayoría de los vecinos afectados, han recibido por parte del Ayuntamiento las notificaciones del acuerdo de Inscripción de Alta en el padrón de la tasa por entrada de vehículos a través de aceras y también, que la alteración en el padrón tendrá efectos desde el año 2013, comunicando asimismo los plazos para las reclamaciones y recursos.

Con independencia de las reclamaciones y recursos que pudieran presentar los titulares afectados, sería una injusticia por parte de Concello de Nigrán, exigirles el cobro de la tasa correspondiente al ejercicio 2013 a estos vecinos dados de alta de oficio en el padrón a finales de año, más aún, cuando la Ordenanza Fiscal Reguladora de la tasa vigente no contempla

nada al respecto y solo regula sobre las altas voluntarias que surtirán efectos en el primer día del semestre natural siguiente a la solicitud.

Por tanto, no es de recibo cobrar con carácter retroactivo la tasa por un supuesto aprovechamiento especial o utilización privativa de la acera durante todo el año 2.013, que no puede demostrarse que se haya producido ya que en la mayor parte de los casos carecían de placas de vados de entrada. En tal caso, si procede, los titulares dados de alta deberían pagar a partir del ejercicio 2.014, pero nunca en el 2.013.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente, ACUERDO:

ÚNICO.- Instar al Alcalde a no poner al cobro la Tasa por entrada de vehículos a través de aceras correspondiente al ejercicio económico de 2013, para los titulares dados de alta en el padrón en el segundo semestre del año 2013, a raíz de la revisión realizada.

Deliberación sobre a urxencia. Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: A urxencia deriva do feito de que probablemente se poña ao cobro a taxa no proximo mes de marzo. Do que se trata é de que non se apliquen con carácter reactivo unha serie de altas que se están dando e que están recibindo a comunicación nestas datas.

Votación e acordo relativo á urxencia.- Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 ; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

Deliberación sobre o fondo do asunto.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: Le a Moción. Presentouna no rexistro hai unha semana, con tempo suficiente para que fose informada. Vaise producir un incremento esaxerado e darase un agravio comparativo entre os contribuíntes. Unha entrada de catro metros pagará uns 80 euros. Hai unhas novecentas altas que, en moitos casos ofrecen dificultades para notificalas ao ser vivendas de segunda residencia. Ao mellor coas altas de oficio debera seguirse o mesmo criterio que cando se solicita a placa de vao e aplícalas a partir do semestre natural seguinte.

D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado: A iniciativa de instar á Alcaldía é mais respectuosa co reparco de competencias. A cuestión suscita dúbidas legais e tamén sobre

o propio alcance da iniciativa. Absteranse.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: Hai decisións que son políticas e outras que non o son, como é esta. Faltan os informes correspondentes. Absteranse.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: para instar ao Alcalde a algo necesitaría contar cos informes de respaldo, e saber así o que decidir.

Sr. Alcalde-Presidente: Absteranse.

Votación e acordo sobre o fondo do asunto. - Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 2; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 14; PP, PSOE, Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a Moción.

I.8.3. OPOSICIÓN AO DERRUBO DAS ANTIGAS CASAS DE MESTRES

Formulada polo grupo Socialista:

EXPOSICION DE MOTIVOS

A construción do novo edificio da Casa Consistorial supuxo unha evidente mellora tanto na atención aos cidadáns de Nigrán como nas condicións laborais dos traballadores municipais.

Este edificio, denostado e rexeitado polo actual Alcalde de Nigrán, supón que a Policía Local dispoña dunhas instalacións de calidade no centro de Nigrán; supón que o departamento de enxeñería e urbanismo podan compartir un espazo e que non se teñan que pagar cifras astronómicas polo aluguer de locais; permite ter un arquivo en condicións ou dispar dun AUDITORIO, e o sinalamos en maiúsculas como nunca tivo Nigrán e, como se está comprobando, que da un magnífico servizo á cidadanía de Nigrán.

A construción e posta en marcha de este MAGNÍFICO EDIFICIO supón tamén que o antigo edificio da casa Consistorial poida ser reutilizado e redistribuído de xeito que, previsiblemente, na súa planta baixa acollerá o Departamento de Servizos Sociais e Emprego.

Esta decisión de trasladar Servizos Sociais a unhas novas e moi melloradas instalacións é unha decisión acertada e que tamén mellorará as condicións de traballo das/os empregadas/os públicos e a súa vez mellorará o servizo aos cidadáns.

Este traslado de Servizos Sociais e Emprego unido ao traslado xa de parte do arquivo municipal fai que as antigas casas dos mestres de Nigrán, que ambos ocupaban, queden valeiras.

Ou mesmamente O Roupeiro Municipal que este goberno reubicou nas antigas instalacións da Policía Local demasiado afastado do centro urbano e de difícil acceso para que o necesita e este podería ser un magnífico espazo.

Haberá máis exemplos como estes que necesitan un espazo ande ubicarse e de ese xeito apoiariamos como administración local as súas actividades e por outro lado dotariamos a Nigrán dun novo servizo que asemade repercutiría positivamente na propia dinamización do centro de Nigrán.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes acordos:

1. Non proceder ao derrubo das antigas Casas de Mestres de Nigrán actualmente utilizadas polos departamentos municipais de Servizos Sociais e Emprego.
2. Facer as obras necesarias para que o seu estado sexa o óptimo para a súa utilización como servizo público ou privado de interese social, educativo ou cultural.
3. Valorar aquelas entidades públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, que poidan precisar un espazo como este e facer a cesión correspondente dentro das condicións que a administración local considere oportunas.

Deliberacións sobre a urxencia. Síntese das intervencións:

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: Trátase dunha Moción presentada no Rexistro e que non se incluíu na orde do día.

Sr. Alcalde-Presidente: Decidiuse na Comisión Informativa que quedase sobre a mesa cos votos do grupo Popular e mixto, para incorporar informes técnicos e traela ao próximo pleno. Non hai argumentos para a urxencia.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Na votación da Comisión para deixalo sobre a mesa, abstívose. Faltáballe información para pronunciarse. A que agora se lle facilita aínda non puido lela. Votará a favor da urxencia, porque aprecia un punto de inxustiza na cuestión. Aínda así pensa que as urxencias deben ser reais.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: O Alcalde actuou de mala fe. O informe do Arquitecto é anterior á Comisión.

Sr. Alcalde-Presidente: Non hai mala fe, porque facilita os informes cando os ten.

Votación e acordo relativo á urxencia.- Sometida á votación a declaración de urxencia,

obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 ; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

Deliberación sobre o fondo do asunto.- Síntese das intervencións:

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: Presentaron esta iniciativa para tratala na Comisión. Agora o goberno aporta uns informes para referendar a postura do derrubamento. A moción vai na dirección contraria. Dálle lectura á mesma facendo fincapé en que é unha decisión política. Hai que escoller o que é mellor para Nigrán.

Sr. Alcalde-Presidente: O Goberno aínda non adoptou unha postura. Ao Arquitecto preguntóuselle sobre as posibilidades da edificación que quedou baleira. Segundo o informe, non está protexida e atópase en situación de fóra de ordenación. O seu estado de conservación é deficiente e non cumpre con determinados requisitos legais. A opinión técnica é que o mantela resulta difícil de xustificar. A Policía Local tamén analiza determinados aspectos, incidindo, do mesmo xeito que o Arquitecto, na seguridade das persoas que circulan pola zona. Estes son elementos de xuízo.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Non entrará no fondo do asunto porque faltan datos para adoptar unha postura. Absterase. De entrada, os aparcamentos impórtanlle pouco neste caso. O que debe primar é a seguridade dos nenos e a potenciación dos espazos públicos.

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: Parece prematuro pechar a cuestión. Falta valorar as obras de acondicionamento para ter todos os elementos de xuízo e tamén o estudo ao que se refire o Xefe da policía local. Pide que se deixe sobre a mesa.

Sr. González Pérez: Non entende a actitude do Alcalde. A Moción debeu vir ao Pleno, porque se presentou en tempo. Ilegal é o almacén municipal alugado e o que custa mantelo; non isto. O PSOE non quere que se derruben estas casas.

Sr. Alcalde-Presidente: Non é certo que se queiran derrubar. O que se fixo foi pedir a opinión dos técnicos. Non hai mais que unha posible análise para logo decidir. O PSOE xa decidiu, o goberno, non. O certo é que non cumpre coa altura mínima e sería lamentable que o Concello incumprira as normas.

Sr. González Pérez: Se para manter o almacén municipal en propiedade privada hai cartos, mais debera habelos para manter o que é público. Esta é a proposta do PSOE.

Sr. Alcalde-Presidente: O que se paga polo almacén sacouse doutros alugueiros que se pagaban na época do goberno socialista.

Sr. Fernández Comesaña: Pregúntalle ao Alcalde se xa ten tomada algunha decisión.

Sr. Alcalde-Presidente: Non hai mais que unha análise que non descarta manter as edificacións.

Votación e acordo sobre o fondo do asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 6; PSOE.
- Votos en contra: 8; PP e Concelleiro non adscrito.
- Abstencións: 2; grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a Moción.

I.8.4. MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIONS INFORMATIVAS

Formulada polo grupo Socialista:

EXPOSICION DE MOTIVOS

O abandono do grupo de goberno do concelleiro Ignacio Vilas e a súa inclusión no grupo de Non Adscritos supuxo un cambio na distribución das maiorías no Pleno do concello de Nigrán.

O grupo de goberno dende ese momento está formado por 8 concelleiros/as sendo a oposición 9 concelleiros/as distribuídos do xeito seguinte, 6 concelleiros/as do PSdeG-PSOE, 2 concelleiros do Grupo Mixto (1 do BNG e 1 de UCN) e 1 concelleiro Non Adscrito.

Esta distribución sen embargo non foi equiparada nas Comisións Informativas previas ao Pleno onde o Partido Popular, agora en minoría, segue a dispor de maioría absoluta dándose unha contradición respecto a realidade actual.

Esta maioría conservada aínda nas Comisións Informativas fai que as mocións que veñen ao Pleno sexan sempre favorables ou desfavorables si así o decide Partido Popular, repito en minoría.

Concretamente para este Pleno Ordinario do mes de febreiro de 2014 o Partido Socialista ten presentada unha moción en tempo e forma para ser debatida primeiro na Comisión de asuntos Xerais e logo no Pleno e esa maioría do PP nas comisións fai que decidiran deixala sobre a mesa e polo tanto non poder ser debatida.

Incluso unha moción presentada, tamén en data e hora, tanto polo PSdeG-PSOE como polo BNG foi rexeitada por esa maioría, agora non real, do PP e curiosamente ao pleno ven unha proposta alternativa de este grupo de goberno sen que foxe presentada por rexistro, como é preceptivo, para ser debatida na Comisión correspondente.

Para o Partido Socialista é evidente que esta forma de actuar do Partido Popular non é nin moito menos a eticamente máis desexable e é produto de esa maioría ficticia de Alberto Valverde nas comisións previas ao Pleno.

Co fin de que situacións tan pouco comprensibles como estas nas que os partidos políticos da oposición ven obviadas as súas propostas ou modificadas de tal xeito que deixan de ter o sentido que libremente se busca é por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes acordos:

1. Modificar o número de representantes dos diferentes grupos ou partidos políticos nas Comisións Informativas para que sexan un reflexo da realidade actual nos Plenos

2. En cada Comisión Informativa (Urbanismo, Contas e Asuntos Xerais) a distribución de representantes pasaría a ser como sigue: 4 representantes do Partido Popular (Alcalde ou quen delegue e 3 concelleiros/as), 3 representantes do PsdeG-PSOE e 2 representantes propostos conxuntamente polo Grupo Mixto e Concelleiro Non Adscrito.

(A representación actual nas Comisións é 5 representantes do Partido Popular (Alcalde ou quen delegue e 4 concelleiros/as), 3 representantes do PSdeG-PSOE e 1 representante do Grupo Mixto).

Deliberacións sobre a urxencia. Síntese das intervencións:

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: Hai comisións que teñen unha composición que non reflicte a situación plenaria. O que lles pasou coa moción das escolas non lles gustaría que vovera pasar de cara ao pleno seguinte polo feito de que o partido Popular, que xa non ten maioría no pleno a manteña nas comisións.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Sen prexuízo da opinión que sobre a normativa poida manifestar o Secretario, actualmente hai tres grupos políticos e un concelleiro non adscrito. O seu grupo cedeulle voluntariamente un posto ao non adscrito. Sería bo analizar a situación e decidir en consecuencia.

Sr. Secretario: Entende que pola transcendencia da actuación das comisións para as decisións plenarias deben realizarse as análises necesarias, no só desde o punto de vista matemático, senón tamén tendo en conta a peculiaridade da presenza dun concelleiro non adscrito, a quen hai que recoñecerlle os seus dereitos de participación dentro do marco que regula o seu status. A cuestión formulada suscita dúbidas e pensa que unha decisión precipitada podería ter consecuencias non desexables.

Sr. Alcalde-Presidente: A situación do Concelleiro non adscrito xa se produciu hai meses polo que entenden que non é agora unha cuestión a tratar pola vía de urxencia.

D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: Parécelle acertada a a necesidade de axustarse á nova situación.

Acordo de retirada do asunto. Co asentimento dos 16 membros da Corporación presentes, retírase o asunto.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA Á: COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DO ALCALDE EN MATERIA DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DAS DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA: CESE DE D. JOSÉ ÁLVAREZ VALVERDE

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 2 de xaneiro de 2014 e o 31 de xaneiro de 2014, ambos incluídos.

En especial o pleno toma razón do seguinte Decreto do 24 de febreiro de 2014, que se transcribe:

MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DAS DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA: CESE DE D. JOSÉ ÁLVAREZ VALVERDE

Expediente: Organización Municipal
Número: 2011/025S

A Alcaldía, de conformidade coas atribucións conferidas nos apartados 2 e 3 do art. 21, así como no art. 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e concordantes da propia Lei e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Cesar a D. José Álvarez Valverde como membro da Xunta de Goberno Local e no cargo de Concelleiro Delegado Vías e Obras, Servizos Urbanos e Relacións Veciñais para os que fora nomeado por decretos do 17-06-2011, coa conseguinte perda da dedicación exclusiva.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local queda integrada, a partir desta data, ademais de polo Alcalde-Presidente, polos catro Concelleiros que a continuación se indican:

D. Alberto García Pazos
D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorreto
D.ª M.ª José Pino Fernández
D. Antonio Souto Martínez

TERCEIRO.- A presente Resolución producirá efectos a partir desta data e darase conta dela ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, ás persoas interesadas. Tales modificacións publicaranse no boletín oficial da provincia, conforme ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

II.2.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DO CONCELLO DE NIGRÁN, DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DE 2013

Tendo en conta o sinalado na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta ao Pleno do informe conxunto da Tesourería e Intervención municipais:

- Data de emisión: 31-01-2014
- Epígrafe: Cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante 4.º trimestre do 2013.

II.3.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- *D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:*

1.1. Quedaron de constarlle por escrito a unha pregunta feita no pleno anterior sobre un camiño cortado en Monte Lourido

Sr. Alcalde-Presidente: Tratará de facelo no seguinte.

1.2. Ao tenente de Alcalde, sobre un Decreto por unha viaxe a Madrid, a FITUR, na que ademais do Alcalde e a Concelleira de Turismo, tamén aparece a Secretaria do Tenente de Alcalde. Cales son as razóns de que se lle pague a viaxe a esta Secretaria.

D. Alberto García Pazos, tenente de Alcalde: A Secretaria particular a xornada completa quedou aquí, e a que se desprazou a Madrid colabora no manexo da axenda de contactos a desenvolver.

1.3. Pediu 5 veces certos informes sobre unha obra que agora resultou incluída na operación xudicial: Praza da Carrasca (peche perimetral e renovación de mobiliario urbano e espazos arbóreos). ¿Por que non quere entregalos?

Sr. Alcalde-Presidente: Asinou todas as peticións para que llos dean. O técnico de contratación ten esa orde, e parece que ten dúbidas do que se lle pide. O contrato está impoluto.

D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado: A enxeñeira directora ten orde de supervisar todos os aspectos desa obra. Dela é esa responsabilidade.

1.4. Fixose un reformado e un pequeno proxecto a mais. ¿Antes de que a empresa tivese a adxudicación esta ampliación estaba xa executándose?

Sr. Alcalde-Presidente: A directora presenta un reformado o 9 de decembro de 2013. A obra fora adxudicada en agosto. Propón cambios no deseño de aspectos eléctricos por esixencias da compañía subministradora. E tamén na rede de telecomunicacións. As reformas non supoñen incrementos sobre o orzamento vixente. Hai outra actuación independente, que é a do peche perimetral da zona verde, que se fai en paralelo a esta. Esta foi obxecto dun contrato menor adxudicado á oferta mais barata, e previa unha memoria técnica valorada e tramitada. Pedíronse tres orzamentos cando

legalmente só se requiría un. O que saíu na prensa sobre que se modificara un proxecto alterando o orzamento económico desa obra é falso.

1.5. ¿O peche perimetral empezouse antes de adxudicarse?

Sr. Alcalde-Presidente: No segundo contrato non se incluía a retirada do peche.

1.6. O Alcalde, a raíz da operación xudicial, dixo que o Concelleiro detido non era responsable das obras ¿Quen era o responsable?

Sr. Alcalde-Presidente: O Concelleiro de vías e obras, igual que os demais delegados, non tiña facultades para asinar adxudicacións de obras. Iso é o que dixo. No que se refire á entrega dos informes pedidos, o Técnico contratación ten orde de facelo.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Pide prudencia porque hai casos de persoas imputadas, e tamén os houbo aquí, que finalmente foron absoltos.

2. D. Manuel Doldán Costas, do grupo Socialista:

2.1. ¿Como está a saída do colexio Humberto Juanes a través da zona do antigo transformador, que podía ser unha boa alternativa?

Sr. Alcalde-Presidente: É unha posibilidade interesante, tendo en conta tamén a posible reestruturación que se pensa facer diante da casa consistorial. Tamén se pensa nunha beirarrúa perimetral na zona das antigas casas escolares.

2.2. Suxire a posibilidade de que se poidan colocar vallas de seguridade en altura na curva de Panxón onde se están facendo obras, xa que non interromperían o tráfico.

2.3. Pregunta cal foi o custe de asistir a FITUR

Sr. Alcalde-Presidente: Uns 500 euros, porque viaxaron en coche, non en avión.

2.4. Pregunta se xa se poden asignar locais axeitados para os grupos políticos.

Sr. Alcalde-Presidente: Hai que executar as obras necesarias

2.5. Os servizos da planta baixa da casa consistorial non están adaptados para persoas discapacitadas.

Sr. Alcalde-Presidente: Estanse revisando as instalacións municipais para que sexan conformes coa normativa e non seguir coa dinámica anterior de non tomar as medidas necesarias.

2.6. Pide que se retire un contedor do carril bici en Patos, xa que ofrece risco.

Sr. Alcalde-Presidente: Toma nota.

3. D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto.

3.1. Hai un par de meses a empresa "Obra Civil Val Miñor" mandou unha carta dicindo que na obra da praza da Carrasca entenden que hai unha modificación do prezo do contrato ¿Contestoulle ou púxose en contacto con eles para aclararlles que se trata dun erro?

Sr. Alcalde-Presidente: Non, nin ten esa obriga. Seguiuse o procedemento de contratación. O Alcalde non ten que discutir con ninguén sobre cuestións morais. Se quen manda a carta ten dúbidas, que vaia ao departamento correspondente e que as aclare.

3.2. Ante a dúbida, e por transparencia, pide que se poñan á disposición da Oposición os expedientes afectados por estas actuacións.

Sr. Alcalde-Presidente: Cando a policía xudicial pediu os expedientes, estes estaban onde tiñan que estar. Non hai ningún expediente con información restrinxida para os Concelleiros. A que pida, daráselle, aínda que debe ter en conta que non se dispón dos orixinais. Dado que o único criterio de adxudicación é o prezo, se esta empresa quere facer obras ten que presentar a oferta máis barata.

3.3. Un rogo: que por parte dos funcionarios se teña a debida dilixencia para facilitar á Oposición a información acordada pola Alcaldía.

4. D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto:

4.1. Subscribindo o dito polo Sr. García pazos, pide que se vele pola presunción de inocencia

4.2. Estase utilizando en exceso o procedemento negociado sen publicidade. En certos casos as empresas non acoden á invitación. Convértese a excepción en regra e non se xustifica axeitadamente a elección dese procedemento. ¿Tívose en conta a solvencia económica e técnica das empresas, esixida nos pregos? Porque se unha empresa é de recente constitución e non a ten, ese sobre non deba abrirse.

Sr. Alcalde-Presidente: Agora pídense tres ofertas, incluso para os contratos menores. Seleccionouse por prezo e os requisitos previos para ofertar cumpríronse.

4.3. O 28 de xaneiro de 2014 acordouse devolver unha subvención da Xunta para a mellora de infraestruturas en parques empresariais, ascendendo o anticipo recibido a 18.739 euros ¿por que se perdeu, cal era o importe total e a finalidade das obras e por que non se executaron an prazo?

Sr. Alcalde-Presidente: Por certos problemas as obras non se podían executar nin xustificar en prazo. Era da rúa Porto do Molle.

D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado: Faltaba un informe de patrimonio relacionado coas ruínas do muíño. O importe total das obras era duns 80.000 euros.

4.4. ¿Canto custou o stand de FITUR e quen o financiou?

Sr. Alcalde-Presidente: Utilizouse o de TURGALICIA sen custe para o Concello. Os únicos gastos para o Concello foron os desprazamentos.

4.5. ¿Como está a cuestión da tala a mata rasa en Condominguez, que arrasou todo aquel espazo, e que denunciara xa no mes de novembro?

Sr. Alcalde-Presidente: Parece que podería ter autorización. Pedíuse información a Medio Rural e á APLU.

4.6. En Porto do Molle, fronte a Mercadona, hai unha estrutura de dúas plantas sen cartel de obra. ¿Ten licenza municipal e, no seu caso, as obras axústanse a ela? ¿Trañase da gasoleneira?

Sr. Alcalde-Presidente: É a obra da gasoleneira, iniciada sen licencia. Comprobouse que se axusta. Entende que agora ten licencia. Tería que consultar o expediente para saber se se levantou a suspensión. Pasaralle copia

4.7. O 20 de setembro de 2013 presentouse un escrito duns 200 veciños da Ramallosa sobre o vandalismo que padecen os fins de semana. A policía apenas actúa, mentres se observa un exceso de celo durante o día na imposición sistemática de multas. ¿Que medidas se adoptaron para resolver isto?

Sr. Alcalde-Presidente: Hai unha comisión de seguimento na Subdelegación do Goberno que se reúne cada dous meses e na que incluso participa o dono da discoteca para buscar unha solución a este tema. Aumentouse a dotación da Policía Local para garantir a seguridade pola noite. Antes non había quenda nocturna da Policía Local. As actuacións coordínase coa Garda Civil. Os grupos tamén poden facer propostas para mellorar a situación.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.